

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

**13489** *Real decreto 538/2021, do 13 de xullo, polo que se derroga o Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.*

Tras a aprobación do Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, a Sentenza do Tribunal Constitucional 143/2012, do 2 de xullo, estimou o conflito positivo de competencias número 5344-2010, interposto polo Goberno da Generalitat de Cataluña e, en consecuencia, declarou que o citado real decreto vulneraba as competencias da Comunidade Autónoma de Cataluña.

A sentenza declarou que «na medida en que o artigo 121.1 do Estatuto de autonomía de Cataluña establece que “corresponde á Generalitat a competencia exclusiva en materia de comercio e feiras, que inclúe a regulación da actividade feiral non internacional e a ordenación administrativa da actividade comercial, a cal, pola súa vez, inclúe en todo caso: b) A regulación administrativa de todas as modalidades de venda e formas de prestación da actividade comercial”, debe concluírse que o Real decreto 199/2010 invade a dita competencia exclusiva da Generalitat, xa que non encontra amparo en ningunha das materias competenciais exclusivas do Estado e, singularmente, no artigo 149.1.6, 8, 13 ou 18 CE», a invasión competencial debía predicarse da totalidade dos preceptos desta norma.

Á vista do anterior, e tendo en conta que todas as comunidades autónomas asumiron en virtude dos seus estatutos de autonomía competencias exclusivas en materia de venda ambulante, resulta preciso derrogar esta norma en todo o territorio español para dar maior seguridade xurídica e evitar controversias competenciais.

O real decreto responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia prescritos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A iniciativa normativa cumpre cos principios de necesidade e eficacia, xa que o obxectivo que se persegue coa súa aprobación é a derogación formal ou expresa dun real decreto que, desde a mencionada sentenza do Tribunal Constitucional 143/2012, do 2 de xullo, perdeu a súa vixencia. Para a consecución deste obxectivo, a aprobación dun real decreto de derogación é o instrumento máis adecuado. Cúmrese tamén co principio de proporcionalidade, dado que o real decreto simplemente derroga o Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro. A iniciativa responde, en terceiro lugar, ao principio de seguridade xurídica. Esta é precisamente a motivación da iniciativa normativa: proceder á derogación expresa e conseguinte expulsión do ordenamento xurídico dunha norma cuxa vixencia decaeu. Cúmrese co principio de transparencia, posto que o obxectivo único da norma é a derogación do Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro. Finalmente, en relación co principio de eficiencia, a iniciativa non implica cargas administrativas de ningún tipo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xullo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único.

Queda derogado o Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

Disposición derradeira única.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xullo de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Industria, Comercio e Turismo,  
MARÍA REYES MAROTO ILLERA